



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Promoción Económica, Emprego e Comercio

Bases de convocatoria de axudas para a creación de novas empresas ou a posta en marcha de novas liñas de negocio e ferramentas de xestión empresarial. Urbana Santiago Norte 2014

BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A CREACIÓN DE NOVAS EMPRESAS OU A POSTA EN MARCHA DE NOVAS LIÑAS DE NEGOCIO E FERRAMENTAS DE XESTIÓN EMPRESARIAL "URBANA SANTIAGO NORTE 2014"

1º Obxecto

Establécense as bases reguladoras do programa "AXUDAS PARA A CREACIÓN DE NOVAS EMPRESAS OU A POSTA EN MARCHA DE NOVAS LIÑAS DE NEGOCIO E FERRAMENTAS DE XESTIÓN EMPRESARIAL URBANA SANTIAGO NORTE 2014" para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas destinadas á creación de novas empresas, así como a posta en marcha de novas liñas de negocio e implantación de novas ferramentas de xestión empresarial dentro do "Proxecto Urbana Santiago Norte", cofinanciado pola Unión Europea con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do eixo número 5 (desenvolvemento sustentable local e urbano) do programa operativo do FEDER en Galicia para o período 2007-2013.

2º Persoas beneficiarias

Poderán resultar beneficiarios das axudas previstas nesta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter a súa sede social, fiscal e de actividade na Zona Urbana Santiago Norte do Concello de Santiago, segundo figura no Anexo VII..

2. A súa actividade empresarial sexa viable económica, financeira e tecnicamente.

3. Para as empresas que xustifiquen gastos de creación de empresa esixíranse ademais os seguintes requisitos:

– iniciar a súa actividade entre o 1 de xuño de 2012 e o 15 de outubro de 2014

Aos efectos deste programa enténdese como data de inicio de actividade aquela na que a persoa solicitante cause alta no IAE ou no seu caso no censo de obrigados tributarios.

– Non desenvolvesen a mesma ou similar actividade na mesma localidade, nos 6 meses inmediatamente anteriores á data do inicio da nova actividade.

– Non poderán ser persoas beneficiarias da presente subvención as persoas xurídicas resultado da fusión doutras pre-existentes que non cumpriran os requisitos previstos na presente cláusula, así como os solicitantes que se amparen para acreditar o cumprimento da condición de beneficiario en meros cambios de denominación, domicilio social ou calquera modificación nos estatutos.

3º Criterios de concesión

Teranse en conta na valoración dos proxectos empresariais presentados a esta convocatoria os seguintes criterios:

A. PROXECTO EMPRESARIAL

a. Calidade do plan de empresa presentado: Valorarase con un máximo de 2 puntos a calidade, e rigorosidade técnica do proxecto empresarial presentado en función do informe emitido por persoal competente do Concello de Santiago de Compostela en base á análise do plan de empresa presentado na solicitude.

b. Utilización de recursos da zona: valorarase con un máximo de 2 puntos que a actividade empresarial empregue no seu proceso productivo activos específicos locais.

c. Aportación da idea empresarial ao tecido económico local: valorarase con un máximo de 5 puntos a orixinalidade da idea empresarial dentro do tecido económico do Concello de Santiago e a contribución da mesma ao desenvolvemento de sectores estratéxicos para o Concello talés como:

i. Servizos avanzados a empresas

ii. Actividades enmarcadas nas chamadas industrias creativas: a industria cultural (arte, entreteñemento, deseño, arquitectura, publicidade e gastronomía) e a tecnoloxía do coñecemento (educación, investigación e desenvolvemento, alta tecnoloxía, informática, produción de software, novos medio sde comunicación, telecomunicacións, robótica, nanotecnoloxía, e industria aeroespacial).

iii. Actividades baseadas na explotación comercial de resultados de proxectos de investigación da USC.

iv. Novos produtos turísticos, especialmente os dirixidos ao público empresarial e ao fomento do turismo familiar.

v. Actividades baseadas na prestación de servizos que melloren a calidade de vida da cidadanía..

vi. Ou calquera outra actividades empresarial que pertenza a un novo viveiro de emprego dos definidos nas ordes da Consellería de Traballo e Benestar polas que se establecen as axudas e subvencións ás empresas cualificadas como Iniciativas Locais de Emprego.

B. EMPREGO CREADO POLA EMPRESA

Valorarase con un máximo de 10 puntos:

· Por cada posto de traballo creado (incluído o da persoa ou persoas promotoras) ocupado por persoas en situación de desemprego: 2 punto por persoa.

· Por cada posto de traballo creado (incluído o da persoa ou persoas promotoras) ocupado por persoas en situación de desemprego que pertencen a colectivos en risco de exclusión social (a saber: inmigrantes, emigrantes retornados, persoas con minusvalías, persoas ex toxicómanas, persoas ex presidarias..): 2 punto por persoa.

· Por cada posto de traballo creado (incluído o da persoa ou persoas promotoras) ocupado por persoas desempregadas pertencentes aos seguintes colectivos: Mulleres e parados de longa duración (doce dos últimos dezaseis meses). Valorarase con 2 puntos por cada posto de traballo ocupado por persoas pertencentes a ditos colectivos (a pertenza dunha persoa a varios colectivos dos indicados non será acumulable)

Os traballadores por conta allea serán valorados coa máxima puntuación do apartado cando o contrato sexa a tempo completo e con unha duración mínima de seis meses. No caso de que o contrato sexa de seis meses pero a tempo parcial, ou a tempo completo inferior a seis meses, a valoración será proporcional á xornada realizada, ou ao número de horas á semana ou ao mes contratado, tendo como referencia o contrato a seis meses e a tempo completo.

Os contratos estables celebrados a media xornada terán unha valoración adicional, en cada un dos baremos de emprego, de 0,5 puntos.

Os contratos estables celebrados a xornada completa terán unha valoración adicional, en cada un dos baremos de emprego, de 1 punto.

C. USO DO GALEGO NO PROXECTO EMPRESARIAL

Valorarase con un máximo de 1 punto o uso do galego na elaboración do plan de empresa e a realización da actividade empresarial.

4º Gastos subvencionables

Para as empresas que soliciten axuda en concepto de inicio de actividade terán a consideración de gastos subvencionables os considerados como correntes e de primeiro establecemento realizados entre o 1 de xaneiro de 2014 e o 15 de outubro de 2014 nos seguintes conceptos:

1. Gastos de captación e adestramento de persoal
2. Gastos de formación e información das persoas promotoras (asistencia a cursos, xornadas, congresos, etc... relacionados coa posta en marcha da iniciativa empresarial)
3. Rexistro de patentes e marcas
4. Gastos de publicidade e relacións públicas necesarios para o lanzamento da actividade
5. Gastos precisos para a formalización da sociedade se é o caso, incluídos os gastos de asesoría
6. Gastos de inicio de suministro (pero non o suministro)
7. Gastos de formalización de entradas en asociacións, alqueres, franquías... sempre que non poidan ser considerados como inmovilizado
8. Cuotas de inscrición en colexios profesionais

Para as empresas que solicitan a axuda para proxectos de posta en marcha de novas liñas de negocio e implantación de novas ferramentas de xestión empresarial terán a consideración de gastos subvencionables os gastos correntes precisos para a implantación da nova liña de negocio ou do procedemento de mellora de xestión tales como:

1. Compras de mercadorías, materias primas e outros aprovisionamentos sempre e cando estas teñan carácter promocional.

2. Gastos de investigación e desenvolvemento.

3. Servizos profesionais independentes.

4. Transportes

5. Primas de seguros

6. Publicidade, propaganda y relaciones publicas.

Non serán subvencionables en ningún caso os investimentos en activo non corrente.

Segundo o artigo 29.8º da Lei 9/2007, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

Estas axudas teñen carácter finalista polo que o importe da subvención concedida non poderá ser empregado con outros fins.

Para determinar a elixibilidade dos gastos terase en conta a normativa vixente aplicable en materia de elixibilidade de gastos subvencionables polo FEDER para o período 2007-2013, concretamente aos Regulamentos (CE)1083/2006, (CE)1080/2006, (CE)1828/2006 e á orde EHA/524/2008 sobre elixibilidade de gastos do FEDER en España emitida polo Ministerio de Economía e publicada no BOE n.º 53 de 1 de marzo de 2008.

Esíxese un mínimo de 1.500,00 € (IVE incluído) en gastos xustificados para poder concorrer a esta convocatoria.

Os gastos teñen que ser pagados por transferencia bancaria, talón bancario, domiciliación bancaria ou cargo en conta a través de táxeta Non se aceptan gastos pagado en efectivo

5º Contía da subvención

Ao presente programa destínase unha partida de 30.000 euros dos orzamentos para o proxecto URBANA SANTIAGO NORTE do Concello de Santiago de Compostela 07043300479 correspondentes ao ano 2014 .

O órgano competente, á vista dos proxectos presentados e da proposta da Comisión de Valoración, decidirá o número de proxectos a subvencionar e o importe da subvención.

O importe da subvención será o de menor contía entre os dous seguintes:

a) O calculado segundo aplicación da seguinte fórmula:

Importe da axuda ao proxecto (i) = (orzamento global da convocatoria) x (puntuación obtida polo proxecto i)/ sumatorio das puntuacións obtidas por todos os proxectos con dereito a subvención

b) O importe total dos gastos xustificados do proxecto.

En todo caso, a contía individualizada da subvención a outorgar será como máximo de 7.000 € por proxecto empresarial, con independencia do número de beneficiarios que a compoñan. A contía da axuda poderá acadar ata o 100% dos gastos subvencionables. O importe da subvención será en aplicación da fórmula indicado, proporcional á puntuación acadada polos proxectos.

En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia coas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vaia desenvolver o beneficiario.

6º Solicitudes y documentación

1. As solicitudes, (Anexo 0), dirixiranse á Oficina de Economía dependente da Concellaría de Economía, Comercio, Turismo e Mercados, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (rúa Presidente Salvador Allende, 4), nalgún dos seus rexistros auxiliares (Edificio CERSIA Empresa, Rúa do Alcalde Raimundo López Pola S/n e rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16) ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/92 de réxime xurídico e procedemento administrativo común. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación por duplicado, sendo unha delas orixinal ou fotocopia compulsada:

- Alta no réxime de autónomos da/s persoa/s promotora/s.
- Escritura de constitución da sociedade mercantil, no seu caso.

- Alta no IAE ou no seu caso da declaración de alta no censo de obrigados tributarios.
- NIF/CIF da persoa física ou xurídica. E neste último caso DNI da persoa que ostente a representación da sociedade e documento que acredite a dita representación.
- Gastos subvencionables para os que se solicita a axuda (Facturas, nóminas, TCs). Deberán achegarse os comprobantes de pagamento mediante transferencia bancaria e/ou domiciliación do gasto en conta corrente. Non se admitirán orzamentos ou facturas pro forma.

Para a xustificación dos gastos de persoal deberán aportarse as nóminas, os contratos de traballo e certificación da empresa (unha por traballador/a e contrato) desglosando os gastos correspondentes á seguridade social da empresa de cada nómina segundo o modelo recollido no Anexo II.

- Certificado bancario de titularidade de conta.
- Certificados de estar ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria e Xunta de Galicia. Se o importe de gastos xustificadas pola empresa é inferior a 3.000,00€ será suficiente con presentar declaración responsable de estar ao corrente en pagos con estas administracións segundo o modelo do Anexo I.
- Declaración de tódalas axudas solicitadas ou concedidas, durante os tres anos anteriores, polas administracións públicas competentes ou entes públicos, nacionais ou internacionais, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións (anexo II).
- A procedencia do desemprego do promotor ou promotores, así como dos empregados por conta allea, acreditarase mediante: (presentar ambas)

1. Certificación relativa aos períodos de inscrición como demandante de emprego.
2. Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

- Un plano de empresa, segundo o modelo normalizado que figura como anexo III, que acreditará a viabilidade económica, técnica e financeira do proxecto, así como toda a información relativa á actividade económica da empresa útil para a súa valoración de acordo co baremo establecido.

Poderase empregar outro modelo sempre que , contendo como mínimo a información do modelo normalizado, acredite a viabilidade económica, financeira e técnica do proxecto.

- O emprego xerado acreditarase mediante a alta no correspondente réxime da seguridade social dos promotores e os contratos de traballo do persoal contratado por conta allea.
- Documentación que acredite o estar incurso nalgunha das situacións de risco de exclusión social , no seu caso.
- No seu caso, declaración de concorrer ou de atoparse nalgunha das situacións valorables consonte os criterios de concesión establecidos, segundo o modelo normalizado que se achega como anexo IV.
- Declaración de documentación presentada, que se achega como anexo V, no seu caso. Se algunha da documentación sinalada consta xa en poder da administración, achegará no seu lugar, debidamente cuberta, dita declaración responsable coa identificación do expediente e manifestación expresa de que a documentación non sufriu modificacións.
- Declaración responsable da persoa solicitante de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia (Anexo VI).
- Calquera outra documentación que se estime necesaria para a baremación do expediente.

2. As compulsas poderán realizarse no rexistro auxiliar do edificio CERSIA Empresa, sito na rúa Alcalde Raimundo López Pol s/n.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos previstos nos puntos anteriores, requirirase á persoa interesada para que no prazo de dez días, subsane a falta ou acompañe os documentos preceptivos, no caso contrario terase por desistido/a na súa petición.

7º Prazo de presentación de solicitudes

O prazo xeral de presentación de solicitudes iníciase ao día seguinte da publicación desta convocatoria no boletín oficial da provincia de A Coruña e rematará o 15 de outubro de 2014.

Para a presentación das solicitudes de axudas as persoas beneficiarias poden contar co asesoramento do Servizo de Apoio á Empresa da Oficina de Economía do Concello de Santiago.

8º Instrución do procedemento

Recibidas as solicitudes, a instrución do procedemento levarase a cabo pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Comercio. Esta realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento

e comprobación dos datos en virtude dos que se deba formular a proposta de resolución. A avaliación das solicitudes, consonte aos criterios de valoración establecidos na base 3ª, realizarase pola unha comisión avaliadora composta polos seguintes membros:

Presidente/a: O Concelleiro/a responsable da Promoción económica.

Vocais: catro técnicos municipais, nomeados polo Presidente, pertencentes a os grupos A1 e/ou A2.

Actuará como Secretario/a un funcionario/a do departamento de Promoción Económica (sen voto na súa calidade de Secretario/a).

Á vista da avaliación efectuada pola comisión, a Concellaría de Promoción Económica formulará proposta de resolución que se elevará á Xunta de Goberno Local, órgano competente para resolver o procedemento de concesión.

9º Resolución do órgano competente

O órgano competente para resolver será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago.

O procedemento resolverase no prazo máximo de 2 meses a partir da data límite de presentación de solicitudes. Transcorrido o prazo máximo sen que teña recaído resolución expresa, a solicitude estenderase desestimada por silencio administrativo.

10º Recursos

As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

11º Obrigas das persoas beneficiarias

- Colaborar na realización de visitas de seguimento e control e facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención do Concello, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, así como por calquera outra institución nacional ou comunitaria que interveña na xestión de Fondos Europeos, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

- Comunicar ao órgano concedinte, tan pronto como se coñeza, calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

- Manter a empresa, nas mesmas condicións que determinaron a obtención da subvención, polo prazo mínimo dun ano dende o otorgamento da mesma. O incumprimento desta obriga será causa de revogación da subvención concedida.

- O Concello facilitará o soporte gráfico que publicite a concesión da subvención, soporte que deberá figurar polo prazo dun ano dende a concesión nun lugar visible da sede social da empresa y/ou reproducido na portada Web vinculada a empresa.

- Conservar os documentos orixinais xustificativos da actuación subvencionada durante un período de tres anos a partir do peche do Programa Operativo do FEDER en Galicia 2007-2013 de acordo co disposto no Artigo 90 do Regulamento (CE) 1083/2006.

- As restantes obrigas establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

12º Incompatibilidades

A presente axuda quedará suxeita ao réxime de axudas de minimis, polo que non poderán exceder os límites cuantitativos (200.000 euros nun período de tres anos, agás para o sector do transporte por estrada que é de 100.000 Euros) establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006, da Comisión da Unión Europea, do 15 de decembro de 2006, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE nº L379/5, do 28 de decembro).

Esta axuda será compatible con outras subvencións ou axudas concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, co límite establecido na base 5ª parágrafo 3º.

Esta axuda será incompatible con outras subvencións ou axudas concedidas para o mesmo fin polo Concello de Santiago de Compostela, en particular coas convocatorias do programa SANTIAGO INVESTORS SUPPORT 2013 e pasadas convocatorias do proxecto URBANA SANTIAGO NORTE, e coñ calquera outra procedente de Fondos da Unión Europea.

13° Reintegro

Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exigencia do xuro de demora, nos casos e nos termos previstos no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e da Lei 38/2003 xeral de subvencións e normativa de desenvolvemento.

14° Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución e eventualmente á súa revogación.

15° Entrada en vigor e vixencia

As presentes bases entrarán en vigor o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

16° Financiamento

A concesión das axudas previstas nesta convocatoria estará suxeita á existencia de crédito de 30.000 euros dos orzamentos para o proxecto URBANA SANTIAGO NORTE do Concello de Santiago de Compostela 07043300479 correspondentes ao ano 2014 ..

En Santiago de Compostela a 16 de maio de 2014.

Reyes Leis Rodríguez

Concelleira Delegada de Economía, Emprego, Comercio, Turismo e Mercados do Concello de Santiago de Compostela

INSTANCIA DE SOLICITUDE (ANEXO 0)

1.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO/A SOLICITANTE:		
Dni /CIF	Nome Apelidos/Razón Social	
Rúa/ Número /		
Municipio	Provincia	Teléfono
Correo electrónico		
2.- DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIONES:		
Dni /CIF	Nome Apelidos/Razón Social	
Rúa/ Número /		
Municipio	Provincia	Teléfono
Correo electrónico		
3.- DATOS DA ACTIVIDADE ECONOMICA PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA		
Actividade económica		
Data de inicio da actividade		
Data alta RETA		
Enderezo fiscal		

Expón:

Solicita:

Santiago de Compostela a día..... 2014.

Fdo .O interesado

EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA Á SOLICITUDE :

- DNI/ NIE/ CIF, física ou xurídica. E neste último caso DNI da persoa que ostente a representación da sociedade e documento que acredite a dita representación.
- Alta no Réxime de autónomos da/s persoas/s promotora/s.
- Alta no IAE ou no seu caso da Declaración de Alta no censo de obrigados tributarios.
- Anexo 1 Certificado de estar o corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, Axencia Estatal de Administración Tributaria, Xunta de Galicia, e Concello de Santiago de Compostela.
- ANEXO 2 Declaración de tódalas axudas solicitadas ou concedidas durante os tres anos anteriores polas administracións públicas competentes ou entes públicos nacionais ou internacionais ou de ser o caso unha declaración de que non solicitou nin obtivo outras axudas ou subvencións.
- A procedencia do desemprego do promotor ou promotores así como os empregados por conta allea acreditarase mediante: (presentar ambas)
 - Certificación relativa os períodos de inscrición como demandante de emprego.
 - Informe de Vida Laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.
- Certificación de empadramento no caso de estar empadrado no Concello de Santiago.
- ANEXO 3 Un plano de empresa segundo o modelo normalizado que figura como anexo 3 que acreditará a viabilidade económica, técnica e financeira do proxecto.
- O emprego xerado acreditarase mediante a alta no correspondente réxime da Seguridade Social dos promotores e os contratos de traballo do persoal contratado por conta allea.
- Documentación que acredite o estar incurso nalgunha das situacións de risco de exclusión social, no seu caso.
- ANEXO 4 Declaración no seu caso de concorrer ou de atoparse nalgunhas situacións valorables conforme os criterios de concesión establecidos segundo o modelo normalizado que se achega como anexo 4 .
- ANEXO 5 Declaración de documentación presentada que se achega como anexo 5, no seu caso. Se algunha da documentación sinalada consta xa en poder da administración achegará nos eu lugar debidamente cuberta dita declaración responsable coa identificación do expediente e manifestación expresa de que a documentación non sufriu modificacións.
- ANEXO 6 declaración responsable da persoa solicitante de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiaria recollidas nos apartados segundo e terceiro do artigo 10 da Lei 9 /2007 de Subvencións de Galicia.
- Calquera outra documentación que se estime necesaria para a baremación do expediente

ANEXO I**Declaración xurada de estar ao corrente nos pagamentos**

D. _____, con DNI _____ en nome e representación da empresa _____, con CIF _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____

DECLARA BAIXO XURAMENTO:

- Que se atopa ao corrente nos pagamentos coa Seguridade Social, con Facenda (Axencia Estatal da Administración Tributaria e Xunta de Galicia) e co Concello de Santiago de Compostela.

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 2014.

Asdo. _____

ANEXO II

D. _____, con DNI _____ en nome e representación da empresa _____, con CIF _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____

DECLARA: (marcar unha opción)

a) Que para o presente proxecto, se solicitaron e/ou obtiveron as axudas que se relacionan a continuación:

Axuda	Organismo	Disposición Reguladora	Solicitada / concedida	Ano	Importe

ou, alternativamente:

b) Que para o presente proxecto de investimento NON se solicitou nin obtivo ningunha axuda doutras administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais.

Así mesmo, o solicitante comprométese a notificar ao Concello as axudas que solicite ante calquera administración pública ou outro entes públicos, nacional ou internacional, en data posterior á desta declaración.

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a __ de _____ de 2014.

Asdo. _____

No caso de ter solicitada ou concedida outra axuda para este proxecto, deberá cubrir o seguinte cadro para cada unha das axudas solicitadas, incluíndo a do URBANA SANTIAGO NORTE 2014

Nº Factura	Provedor	Concepto	Data da factura	Xustificante de pagamento	Data de pagamento	Importe (Excluído IVE)

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a __ de _____ de 2014.

Asdo. _____

No caso de xustificación de gastos de persoal, cubrir o seguinte cadro para cada unha das persoas e contratos empregos para a xustificación:

D. _____, con DNI _____ en nome e representación da empresa _____, con CIF _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____

En relación aos gastos de contratación de D/dna.

CERTIFICA, como válida a información contida no seguinte cadro:

Periodo Nomina	Importe Global	Gastos de Seguridad Social da Empresa	Xustificante de pagamento	Data de pagamento

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a __ de _____ de 2014.

Asdo. _____

ANEXO III

Plano de empresa

DATOS DO PROXECTO	
1.-Descrición do proxecto e presentación dos promotores.	<p>1A.-Definición e características principais do proxecto: Como surge a idea, en qué consiste, ubicación prevista para a empresa, investimento inicial previsto.</p> <p>1B.-Presentación dos promotores: resumo breve da súa formación, experiencia profesional, situación laboral actual.</p>

2.- Descrición do produto-servizo para a venda	2A.- Descrición das características principais do produto-servizo. 2b.- Necesidades que cubre e públicos aso que se dirixe

3.- Mercado	3A.- Clientes para o produto-servizo. 3B.- A Competencia da empresa. 3C.- Os Proveedores da empresa 3D.- Outros aspectos: Regulación legal

4.- Recursos Humanos da Empresa	4A.- Postos de traballo a crear para os promotores. 4B.- Postos de traballo a crear por conta allea. 4C.- Organigrama da empresa

5.- Outros datos a ter en conta	5A.- Axudas e subvencións que se poden solicitar para a nova empresa. 5B.- Forma xurídica prevista para a nova empresa. 5C.- Outros datos a comentar: contribución da empresa ao desenvolvemento económico do Concello de Santiago.

DATOS ECONÓMICOS		
Investimento inicial		(en euros)
	Edificios e locais	
	Acondicionamento de locais	
	Maquinaria	
	Mobiliario	
	Elementos de transporte	
	Equipos informáticos	
	Aplicacións informáticas	
	Patentes e marcas	
	Outros activos fijos (especificar)	
	Custe licencias, taxas, honorarios...	
	Mercancía inicial	
	Tesorería Inicial	
	Total investimento	
Financiamento inicial		
	Aportacións propias	
	Préstamos / créditos	
	Outros	
	Total financiamento	
Nota.- O total investimento debe ser igual ó total financiamento. Todas as cantidades deben especificarse sen IVE		

Previsión de ingresos e gastos para o primeiro ano:

Ingresos anuales		
	Ventas Produto/Servizo 1:	
	Ventas Produto/Servizo 2:	
	Ventas Produto/Servizo 3:	
	Ventas Produto/Servizo 4:	
	Total ingresos	
Gastos anuales		
	Compra mercaderías, materias primas	
	Soldos e salarios dos promotores	
	Soldos e salarios contratados	
	Seguridade social, cuotas autónomos	
	Seguridade social, contratados	
	Intereses préstamos	
	Alugueiros	
	Servizos profesionais (asesoría)	
	Auga	
	Luz	
	Teléfono	
	Tributos	
	Publicidade, promoción e RR.PP.	
	Primas de seguros	
	Material de oficina	
	Outros gastos	
	Total gastos	

Asdo: _____

ANEXO IV

Don/a con DNI.....en representación de
.....con NIF/CIF.....DECLARA ATOPARSE nas circunstancias marcadas
cun xe:

- Procedencia do desemprego (se son varias persoas socias especificar)
 Emprego xerado por conta allea
 Situación en risco de exclusión social

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a __ de _____ de 2014.

Asdo: _____

ANEXO V- DECLARACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

D. _____, con DNI _____ en nome e representación da empresa _____
_____, con CIF _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____

DECLARA:

Que a documentación enumerada a continuación xa obra en poder do Concello de Santiago e non sufriu ningún tipo de variación desde a súa presentación (indicar número de expediente e asunto para a súa localización):

- 1.
- 2.
- 3.
- 4.
- 5.
- 6.
- 7.
- 8.
- 9.
- 10.

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a __ de _____ de 2014.

Asdo: _____

ANEXO VI

D. _____, con DNI _____ en nome e representación da empresa _____, con CIF _____ e domicilio a efectos de notificacións en _____

DECLARA BAIXO XURAMENTO:

Non estar incurso en ningunha das prohibicións para ser beneficiario recollidas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Empregar o idioma galego no desenvolvemento da actividade empresarial obxecto desta axuda.

E para que así conste, asino a presente en Santiago de Compostela, a __ de _____ de 2014.

Asdo: _____

ANEXO VII:**RÚAS DA ZONA DE INFLUENCIA DO PROXECTO URBANA SANTIAGO NORTE**

Alexandre Bóveda, Rua

Alvaro Cunqueiro, Praza de

Ameixaga, Rúa da

Andújar, Rúa de

Angustia, Agro

Angustia, Campo

Angustia, Rúa

Anxo Casal, Rúa de

Arturo Cuadrado Moure, Rúa de

Arzúa, Rúa de

Aturuxo, Escalinata de

Avio de Abaixo, Rúa do

Avio, Rúa do

A Esmorga, Rúa da

Basquiños, Corredoira dos

Basquiños, Rua dos

Basquiños, Travesa dos

Batalla de Clavixo, Rúa da

Belvís, Parque de

Belvís, Praciña de

Belvís, Rúa de

Betanzos, Rúa de

Bispo Diego Peláez, Rúa de

Bispo Teodomiro, Rúa do

Blanco Amor, Rúa de
Boiro, Rúa de
Burata, Rúa da
Burgo das Nacións, Avda do
Cabalos, Rúa dos
Camallóns, Rúa dos
Camilo Díaz Baliño, Praza de
Camiño de Lermo, Rúa do
Camiño dos Vilares, Rúa do
Campo do Forno, Corredoira do
Campo do Forno, Rúa do
Canteiro, Rúa do
Caramoniña, Ruela da
Carballo (escalinata de), Rúa de
Carlos Maside, Rúa de
Carricova, Rúa da
Casa Agraria, Rúa da
Casal da Horta, Rúa do
Casas do Agro, Rúa das
Castelao, Avda de
Castiñeiros, Rúa dos
Cebreiro, Escalinata do
Celso Emilio Ferreiro, Rúa de
Cendal, Travesa do
Chan de Curros, Camiño de
Chan de Curros, Travesa de
Chufas, Ruela das
Cima da Eira, Rúa de
Coimbra, Avda de
Concheiros, Rúa dos
Cornos, Corredoira dos
Costa do Vedor, Rúa da
Costa Nova, Rúa da
Costa Nova, Travesa da
Costa Vella, Rúa da
Costiña do Monto, Rúa da
Cruceiro da Coruña, Avda
Cruceiro da Coruña, Parque do
Cruceiro da Coruña, Rúa do
Cruceiro de San Pedro, Rúa do
Cubeiro, Rúa do
Delfín García Guerra, Rúa de
Domingo A de Andrade, Rúa de

Enfesta, Rúa da
Escultor Asorey, Rúa do
Escultor Asorey, Travesa do
España, Praza de
Espiritu Santo, Rúa do
Estila, Corredoira da
Estila, Rúa da
Federico García Lorca, Rúa de
Fermín Bouza Brei, Parque de
Follas Novas, Rúa
Fontiñas, Ruela das
Fraguas, Corredoira das
Francés, Rúa do
Fronteira Infinda, Rúa da
Grabaxa, Rúa da
Guadalupe, Campiño de
Guadalupe, Rúa de
Home Santo, Rúa do
Hospitaliño, Rúa do
Irmandiños, Rúa dos
Lagartos, Rúa dos
Lalo Hernandez, Rúa de
Lavadoiro, Rúa do
Lermo, Travesa de
Lino Villafinez, Rúa de
Loureiros, Rúa dos
Lugo, Avda de
Mallou, Rúa de
Manuel María, Rúa de
Medio, Rúa do
Modesto Brocos, Rúa de
Monte da Álmácida, Parque do
Morón, Rúa de
Muiñeiro de Brétemas, Rúa
Música en Compostela, Parque de
Música en Compostela, Praza de
Noia, Rúa de
Os camiños da Vida, Rúa dos
Os Eidos, Rúa dos
Otero Pedraio, Rúa de
Oviedo, Rúa de
Pablo Iglesias, Parque de
Pastoriza, Campo da

Pastoriza, Travesa da
Paz, praza da
Pelamios, Rúa dos
Penas, Praciña das
Pereiriñas, Rúa das
Pino, Rúa do
Ponte de Asén, Rúa da
Ponte do Romaño, Rúa da
Ponte Mantible, Paque de
Ponte Mantible, Rúa da
Pontepedriña de Arriba, Rúa de
Porto de Vite, Rúa do
Puente de la Reina, Rúa de
Queimada, Rúa da
Queixume dos Pinos, Rúa de
Quiroga Palacios, Avda de
Quiroga Palacios, Rúa de
Rianxo, Rúa de
Ricardo Carbalho Calero, Rúa de
Río, Rúa do
Roberto Vidal Bolaño, Rúa de
Rodas, Rúa das
Rodríguez de Viguri, Rúa de
Romaño, Rúa do
Rosario, Rúa do
Salamanca, Avda de
Salgueiriños de Abaixo, Rúa de
Salgueiriños de Arriba, Rúa de
Salvadas, Rúa das
San Caetano, Rúa de
San Domingos de Bonaval, Campo de
San Domingos de Bonaval, Parque de
San Domingos de Bonaval, Rúa de
San Pedro, Calzada de
San Pedro, Praza de
San Pedro, Rúa de
San Pedro, Travesa de
San Roque, Rúa de
San Xoán, Parque de
San Xoán, Rúa de
Santa Clara, Rúa de
Santa Comba, Rúa de
Santa Isabel, Campo de

Santa Isabel, Rúa Tras Cuartel
Santa Uxía de Ribeira, Rúa de
Santiago Caballeros, Rúa de
Santo Antonio, Calzada de
Santo Antonio, Campo de
Tambre, Rúa de
Teo, Rúa de
Teo, Travesa de
Tomiño, Rúa de
Torreira de Arriba, Rúa da
Torreira, Rúa da
Touro, Rúa de
Tras Santa Clara, Rúa de
Triacastela, Rúa de
Trisca, Parque de
Trisca, Rúa da
Ulpiano Villanueva, Rúa de
Ultreira, Praza de
Vento Mareiro, Rúa do
Vista Alegre, Rúa de
Vistra Alegre, Travesa de
Vite de Abaixo, Rúa de
Vite de Arriba, Rúa de
Vite de Arriba, Travesa de
Xasmíns, Rúa dos
Xesús Carro, Rúa de
Xixón, Parque de
Xoan XXIII, Parque de
Xohana Torres, Rúa de
Xosé Mosquera Pérez, Xardíns de
Xosé Chao Rego, Rúa de

2014/8119